

Lendo ó Padre Martín Sarmiento

XULIO CUNS LOUSA*

Debido á relación epistolar que tanto Xesús Torres Regueiro -tamén colaborador deste ANUARIO- como o que suscribe, mantemos co bo amigo e cultísimo escritor, D. Joaquim de Montezuma de Carvalho, avogado en exercicio en Lisboa, foínos remitido un curioso opúsculo da autoría do Padre Martín Sarmiento, titulado GEOGRAPHIA DE LAS QUATRO VIAS MILITARES ROMANAS QUE SALIAN DE BRAGA, A ASTORGA, inda que neste escrito só trata da: VIA III, Desde Braga, á Astorga; por los pueblos Quarquérnos.

A anterior separata forma parte, á súa vez, dunha obra de Sarmiento intitulada HISTORIA Y GEOGRAPHIA DE GALICIA, conservándose o manuscrito na BIBLIOTHECA DA REAL ACADEMIA DE HISTORIA DE MADRID, de onde o copiou o Sr. D. CHRISTOVAM AYRES, socio efectivo da ACADEMIA REAL DAS SCIENCIAS DE LISBOA e socio correspondente da REAL ACADEMIA DE HISTORIA DE MADRID, imprimíndose en Lisboa no ano 1901 por orde e na Typographia da Academia citada das Ciencias.

O motivo de tal envío era o desexo do Sr. de Montezuma de que o citado traballo fose publicado neste ANUARIO, previo un pequeno estudio sobre a obra, feito polo amigo Torres ou por min, para o que contaba coa pertinente autorización do Director da Biblioteca do Exército. Pillei a responsabilidade de facelo, pero había que se informar se era verdadeiramente inédito ou non. Sabiamos, en principio, que o Padre Martín Sarmiento non era moi dado a publica-los seus traballos, pero tamén eramos conscientes de que, conforme este Sr. Christovam Ayres o copiou do orixinal, tamén outros puideron face-lo mesmo, xa que nestas entidades que se encargan da garda e conservación de documentos non teñen a curiosidade de anota-las posibles copias que dos mesmos se fan. Soamente nos protocolos notariais quedan anotadas as "sacas".

Coa inestimable axuda do Director do ANUARIO, Alfredo Erias, fun consultando folletos e publicacións das que hai tantas no Arquivo e Biblioteca Municipal de Betanzos, entre eles ORIENTACIONES, BIBLIOGRAFIA DA GALICIA ROMANA, publicadas polo MUSEU ARQUEOLOXICO, da Coruña no ano 1991, das que son autoras Amelia Pereiro Pardo e a betanceira María Teresa Amado Rodríguez. Nelas aparece a seguinte cita: "SARMENTO, M.: Estradas militares romanas de Braga a Astorga, Lisboa 1901", que ven sendo a separata que obra no noso poder. Preguntei á profesora María Teresa Amado por se tiña algunhas referencias máis amplas, resultando que non había nada máis.

Ó consultar os CUADERNOS DE ESTUDIOS GALLEGOS, Tomo XXVII, LIBROS 81-82-83, atópome coa seguinte referencia "43 Vía III Militar Romana desde Braga a Astorga por los pueblos Quarquérnos.- Publicada por Manuel Díaz Sanjurjo.- BCPM Orense, III, 1905, páginas 94,107, 139, 152 170 187, 202,236,247.- El verdadero título es Geografía de las Cuatro Vías Militares Romanas que salían de Braga a Astorga."

*Xulio Cuns Lousa é escritor e secretario do *Anuario Brigantino*.

Visto o cal houbo que chamar a Ourense de onde remitiron fotocopia da totalidade, que resultou ser un traballo magnífico, dentro do que figura copiado todo aquilo que, desde Portugal, nos fora enviado. Pero non é a mesma copia que sacou o portugués Sr. Ayres, senón que é outra sacada do orixinal polo P. José Goyanes, no mosteiro de San Martiño de Madrid no ano 1784 e que leva adxunta esta nota: "Concuenda (1784) excepto la ortografía en donde hay alguna variación y en los infinitos rayados que pone el autor. = Goyanes."

O lector poderase preguntar a santo de que veñen todas estas digresións, desde o momento en que, ó non resultar inédito, non procede publicar aquí a tan repetida separata. Pois vén a conto porque os apartados (79), (80), (81), (82) e (83) da mesma chamáron moito a atención de quen isto escribe, e sobre eles versará o presente traballo. Así que, polo tanto, antes de pasar adiante, procede copialos textualmente:

"(79.) El año de 1721 formo un decreto la Real Academia Portuguesa de la Historia, el cual está impreso en el tomo 14 de la Bibliotheca greca de Fabricio. Manda, que ningun academico siga, ni cite en las obras que ha de proponer en la Academia, Chronicon alguno ó autor de los que pone en esta lista, V.g. CATALOGO DOS AUTORES SUPPOSTOS, Beroso, caldeo, Magasthenes, persa y todos los demás que publicó Juan Anio Viterbiense. Excepto los fragmentos del verdadero Beroso, y de otros que estan en los antiguos.

"San Athanasio de Zaragoza, con los demas escritos del Monte Santo de Granada, Caledonio obispo de Braga en la vida de S. Pedro, Gregorio Bético, Cathalogo de los mártires de España.

"Lucio Flavio Dextro.

"Marco Máximo.

"Braulio continuador de Máximo.

"Luitprando.

"Hauberto Hispalense.

"Liberato.

"Aulo Halo.

"D. Servando.

"D. Pedro Seguin (obispo de Orense).

"Heleca.

"Julian Perez; y toda noticia que solo conste de Julian Lucas de Florian do Campo.

"Laymundo Ortega.

"Angelo Pacense.

"Alladio y otros por fray Bernardo Brito.

"Añado yo: y Pedro Cesar Augustano, fingido por Pellicer, y dado á luz por Huerta, el que sacó los Anales de Galicia. I aun hay otros vergonzantes."

"(80.) Hay tres clases de auctores, unos que existieron; y cuyas obras fingieron ayer Annio, P. Higuera, Lupian Zapata; hay otros que jamás existieron, ni tampoco sus obras. El falsario impostor de la pérdida de España, y de las antigüidades de Granada, á sido Miguel de Luna, ó morisco de secta en Granada ó Docto en la lengua Árábica. Hay otros autores, que con buena ó mala fé creyeron los Chronicones fingidos, y se empeñaron perniciosamente en comentarlos, solo porque las ficciones, fábulas, patrañas y necedades eran gloriosas para España. Tales son Tamayo de Bargas, Ramirez de Prado, Rodrigo Caro, Vivar Argaiz y otros."

"(81.) Pero los autores más perniciosos, son aquellos que se han valido de los dichos cronicones, citandolos ó no citandolos. De estos son infinitos ó son todos los que han escrito desde Felipe III acá excepto muy pocos modernos. El mas pernicioso es D. Juan Tamayo de Salazar en los 6 tomos en folio con titulo Martirologio Hispano. Allí pone mártires confesores, santos, obispos &c., que aun no han nacido. A su imitación no hay

historia de Provincia ó de ciudad. No hay vida de Santo ó fundación que no este erizada de necesidades, y aun sacrilegios de los cronicones fingidos."

"(82.) Hoy pasara por un escritor idiota y chapucero el que citare testos de esos Pseudos cronicones, contra ellos ya han escrito muchos. Y no quiero emitir aqui la invectiva del Cardenal Aguirre contra ellos, Vtinam ii quorum interst presentim Domini episcopi Regis consiliarii, Senatum iusticiae, ac fidei tam probosas fictiones cum ipsis pseudocronicis exterminent et similibus fabulatoribus fraenum imponant etc. Esta exclamación venia mas a tiempo al principio, quando era facil quemarlos para atajar la ignominia de la historia eclesiástica y civil de España."

"(83.) A vuelta de esas ficciones en la historia, emporcaron tambien esos Chronicones y sus comentadores la Geografia antigua, media y moderna de España. Para desembarazarme pues de estas ficciones respectivas, quiero cortar de un golpe, y por la raiz esa hidra de chronicones, falsos, fatuos y perniciosos intimando el juicioso decreto de la Real Academia portuguesa de la historia. Bien se que no todos lo han leido y pronostico que alguno se enfadará por que le puse aquí, pues llebara el diablo todo quanto imaginaban que sabian."

Cando lin esto veume á memoria un maravilloso libro de Julio Caro Baroja, titulado LAS FALSIFICACIONES DE LA HISTORIA¹, onde tamén se citan todos ou case tódolos autores descalificados polo Padre Martín Sarmiento e pola Real Academia Portuguesa da Historia, postura que non tomou a Academia Española, xa que nese caso sería esta e non a Portuguesa, a citada polo Padre Sarmiento.

¿Quen eran estes señores? Imos ver que nos conta Julio Caro Baroja:

Na primeira parte do referido libro que o autor titula EL FALSO BEROSO, comeza dicíndonos:

"La falsificación histórica de mayor alcance, en lo que se refiere a España, se realiza a fines del siglo XV y fuera de España misma. El nombre del responsable directo es conocido. Se trata de cierto fraile dominico italiano que tenía sin duda, algunos vínculos con personalidades españolas y que, guiado por ésta y otras causas, falsificó toda la historia antigua, de suerte que puede decirse que con lo que él urdió, más lo que urdieron después el padre Jerónimo Román de la Higuera y el llamado 'Lupián de Zapata', podría escribirse una Historia falsa de España, que no carecería de interés en esta época en la que el espíritu de falsificación no afecta tanto a los hechos como a la interpretación de los mismos, pero que sigue existiendo."

O fraile dominico italiano aludido no párrafo anterior é JUAN ANNIO DE VITERBO ou VITERBIENSE por ser natural de Viterbo, cidade perta de Roma, quen, en certa ocasión que sabía que se ía realizar unha cavadura en determinada viña, nos arredores de Viterbo, enterrou nesa finca unha lousa na que el mesmo gravara previamente determinados caracteres. Cando se estaba procedendo á cavadura presentouse na finca dicindo que el tiña lido nos seus libros que por aquela zona houbera un templo que era o máis antigo do mundo. Ó pouco apareceu a lousa e de seguido armou unha historia de Viterbo que superaba á de Roma e demais cidades famosas do mundo. Máis tarde falseou libros de historia atribuíndoos a BEROSO, quen parece que era caldeo, que viviu a cabalo dos séculos IV e III a. de J.C., que foi sacerdote de Bel e que escribiu en grego unha obra

¹Julio Caro Baroja. LAS FALSIFICACIONES DE LA HISTORIA. Licencia editorial para Círculo de Lectores, por cortesía del autor. 1991. (213 páxinas).

histórica, que comezaba no Diluvio e acababa na época de Alexandre. Non se sabe fixamente, pero parece que este home é asimesmo o astrónomo Beroso, quen de vello se instalou na illa de Kos ou Cos. Beroso foi coñecido por algúns autores da antigüidade, como por exemplo Flavio Josefo. Precisamente por ser home famoso e acreditado, como tamén o eran MEGASTHENES -de quen xa non se fiaba moito Estrabón²- e outros, foron falseados polo Viterbiense, quen, ademais de outros moitos despropósitos, creou o tubalismo ibérico, chamado así porque o tal escritor asegura que o primeiro rei ibérico foi Tubal.

¿Quen era Tubal? No Xénesis, capítulo 10, versículos 1 e 2, dise: "Estes son os descendentes dos fillos de Noé, nados despois do diluvio. Descendentes de Iafet: Gomer, Magog, Madai, Iavan, Tubal, Méxec e Tirás." Polo tanto Tubal era neto de Noé. No capítulo VIII da primeira parte do referido libro LAS FALSIFICACIONES DE LA HISTORIA, de Caro Baroja, dise exactamente: "Los reyes de España que Annio de Viterbo enumera seguidos en el comentario especial son: Tubal, Ibero, Iubelda, Brygo, Tago, Beto, Gerión (Deabo), Trigemino, Hispalo, Hispano, Hércules Lybio, Hespero, Italo Atlas, Sycoro, Sicano, Siceleo, Luso, Siculo, Testa, Romo, Palatino, Caco, Erithreo y Mellicola. La justificación textual de su existencia es bastante escueta, pero se halla en el falso Beroso, en la continuación de éste, que se atribuye al sacerdote egipcio Manethon, y Annio glosa estos textos a su modo, con referencias a otros textos más fidedignos pero interpretados muy laxamente y dando categoría de certeza a lo que, a lo mejor, Estrabón, o el mismo Diodoro de Sicilia o Plinio, dan como mítico e inseguro."

Na anterior relación temos algúns coñecidos, como por exemplo, BRYGO, fundador de Betanzos, segundo uns e fundador da Coruña, segundo outros. Di Caro Baroja (páx. 64) ó referirse a el a través sempre de Annio Viterbo: "Brygo: el año 20 de su reinado, siempre entre los celtíberos, reina éste al que se califica de gran constructor de poblaciones fortificadas." Unha vez sabido isto resulta excusado discutir sobre cal foi a cidade fundada por Brigo, porque xa sabemos que foron moitas.

Tamén temos outro par de amigos: Hércules e Gerión, que segundo certas historias, Hércules matou a Gerión nas inmediacións do que hoxe é a Coruña, enterrou o cadáver e enriba edificou unha torre enorme que hoxe coñecemos como Torre de Hércules. Por iso en algún escudo da Coruña aparecen, debaixo da Torre, unha caveira e algúns ósos que se supón son os do tal Gerión.

No mesmo capítulo segue o Sr. Caro Baroja a falarnos de outro (?) viterbiense:

"GIOVANNI NANNI nació en Viterbo en 1432 (...) Nanni entró en la Orden de Predicadores muy joven (...) Se debía encontrar éste ya bien dotado en lo que se refiere a enseñanza, porque allí aprendió no sólo latín, sino también griego, hebreo, árabe y caldeo, dedicando muchos años al estudio de la Historia Sagrada y de la Cronología. (...) Parece que Nanni adquirió pronto una sólida reputación a causa de su saber y también por la actividad y habilidad que demostró desempeñando cargos y funciones que se le encomendaron (...)" ¿Quen era este personaxe? Pasando ó número II. ANNIO DE VITERBO, crédulo, falsario ou tolo, do mesmo libro, pódese ler: "Todo esto nos habla de una honorable personalidad eclesiástica en el mundo abigarrado del Renacimiento. Pero la fama del dominico G. Nanni ha quedado absolutamente eclipsada por la de Annio de Viterbo, personaje que resulta distinto a aquél en el juicio de la Historia, aunque sea el mismo." Polo tanto eran a mesma persoa con distintas maneiras de actuar.

²Ibidem, páx. 70, nota 176.

Seguindo a Julio Caro Baroja, a través do seu citado libro, na Tercera Parte do mesmo que se encabeza co título LOS PLOMOS DEL SACROMONTE, no **Capítulo IV. La defensa tenaz**, di nun dos seus párrafos: "Juan Bautista Pérez, como se verá, fue asimismo el primero que negó la autenticidad del cronicón de DEXTRO, fabricado por el padre Jerónimo Román de la Higuera..."

Sobre o PADRE JERONIMO ROMAN DE LA HIGUERA dinos o Sr. Caro Baroja³:

"La pasión por falsificar se manifiesta en otras partes de España también a fines del siglo XVI y comienzos del XVII, de una manera vigorosa y de modo distinto a como se desarrolla en Granada. (...) La falsificación que ahora nos va a ocupar se debe a una sola mano y es obra de cierta personalidad que ha quedado con fama entre los eruditos españoles: el jesuita toledano padre Jerónimo Román de la Higuera, un 'historiador' que dejó cantidad considerable de obras sin publicar, escritas de su propia mano o copiadas por amanuenses con más añadidos suyos siempre. A él se deben los cronicones falsos más famosos, en relación con la Historia de España en general y en particular la religiosa, centrada con máxima frecuencia en su ciudad, Toledo. (...) Román de la Higuera puede decirse que fue descendiente directo de Anno de Viterbo, pese a la rivalidad de dominicos y jesuitas. (...) Pero, roído por una clara perturbación mental, apoyaba sus averiguaciones en documentos que él mismo forjaba, que reflejan una forma particular de 'mitomanía'. Ésta, en líneas generales, consiste en la tendencia a la alteración de la verdad, a la mentira y a la fabulación, de suerte que el mitómano es de ordinario crédulo: cree en lo que inventa y llega en esto a ser 'sistemático'. (...) Jerónimo Romano o Román de la Higuera, al que Hübner llamaba 'celeberrimus', nació en 1551. Es decir que era riguroso contemporáneo de Cervantes y del Greco."

Na segunda parte do libro, **Capítulo VII. Las falsificaciones complementarias: Lupián y Fray Gregorio de Argaiz**, (páx 99), pódese ler: "Fue el primero y decisivo el 'inventor' de una serie de cronicones llamado don Antonio de Nobis, clérigo de Ibiza, más conocido por los nombres de don Antonio de Lupián Zapata o Lupián de Zapata. A éste, además de otros, se debe el llamado cronicón de HAUBERTO, un supuesto mozárabe de Sevilla, de origen alemán, porque sus abuelos llegaron a la ciudad en tiempos de Carlomagno. Entró Hauberto de beneditino en el monasterio de Dumio, cerca de Braga. (...) Este fingido personaje, que se dice vivió a fines del siglo IX resulta que confirma, o a veces corrige, lo que había establecido Beroso, con la particularidad de que también viene a apoyar tesis sostenidas por su comentarista Anno, o por OCAMPO y Garibay; si bien en éstos como ilustraciones o conjeturas. Hauberto comienza con la Creación, y la parte primera de su obra termina con el nacimiento de Cristo." Fala da estancia en España de Homero, a quen fai español por parte de nai. Fai rey de España a Alexandre Magno e a Viriato duque da Lusitania. (Pax. 102)

Cando morría Nobis ou Lupián, no ano 1667, publicou o texto do falecido o monxe beneditino fray Gregorio ARGAIZ ou ARGAIS, que o glosou e comentou abundantemente. A este efecto publicou o texto do cronicón na obra que se chama POBLACION ECLESIASTICA DE ESPAÑA⁴. Estes textos foron impugnados como

³ Ibidem. Cuarta Parte. I.- Una extraña personalidad: el padre Jerónimo Román de la Higuera. Páx. 163.

⁴ Ibidem. Segunda Parte. Nota 146. Población eclesiástica de España, y noticias de sus primeras honras, halladas en los escritos de S. Gregorio, obispo de Granada, y en el chronicon de Hauberto, Monge de S. Benito, ilustrado por el maestro fray Gregorio de Argaiz, Chronista de la misma Religion. Dédicalas a la Mgstad Suprema, y Soberana de Dios Trino y Vno. En el tomo primero, primera parte (Madrid, Melchor Sánchez, 1667). El texto latino, a las pp. 212-221. Es la parte primera desde la Creación a la Gracia. La obra tiene, además, la segunda parte del tomo primero, de 1668; la primera parte del tomo segundo, de 1669, y la segunda de éste, con este título: Población eclesiástica de España, y noticia de sus primeras honras; con mayor crédito de los muertos; Continuada en los escritos de Marco Maximo Obispo de Zaragoza, y defendidos dela vulgar

falsos por un xove erudito chamado don Gaspar Ibáñez de Segovia, referíndose ó "monstruoso aparecemento de Hauberto Hispalense, vergonzosa burla de nuestra nación", replicándolle violentamente o mesmo Argaiz.

Glosa a continuación Caro Baroja un libro titulado "Corona real de España por España fundada en el crédito de los muertos y vida de San Hyeroteo, obispo de Atenas, y Segovia, por el Maestro Fray Gregorio de Argaiz, monge, y cronista del Orden de San Benito. Dedicada a la reyna nuestra señora D. Mariana de Austria, Madre y Tutora de Carlos el Deseado, Rey de España, y nuevo Mundo, y unica Governadora destes Reynos" (Madrid, Melchor Alegre, 1668)⁵, e aí ven a dicirnos que: "Los dos reyes primeros de España (como emperadores del mundo) son Adán y Eva, a los que siguen Seth y Azura, Enos, Cainam, Malaleel, Iared; pero la monarquía española se estructura más con Matusalen y Noema. El octavo rey de España resulta que es Noé, y la reina, su mujer, Tythea. Argaiz trata de su reinado con una seguridad que sorprende, así como del de Iaphet y Noela, su mujer. Las mentidas seguridades siguen con Tubal, y su mujer Sepharad, décimo rey español de un país que, al parecer, estaba desierto, y en el que entra el año 1800 de la Creación, a los 120 de edad. Marcha Ebro arriba, funda Tafalla (ya ciudad en tiempo de Argaiz) y Reinosa, a la que hace cabeza de reino (...) en su voluntad de aclararlo todo, indica también que Tubal reinó 150 años, y que fue enterrado en una cueva de los Pirineos, que cree probable que fuera la de San Juan de la Peña." (Páx. 100).

Se volvemos ó Padre Higuera podemos atopar outros personaxes dos que están citados no apartado 79 da separata do Padre Martín Sarmiento, que nos ocupa. Vexamos o que se nos di no apartado IV da CUARTA PARTE do repetido libro de Caro Baroja: "Pero volvamos a tratar del falsario. A juzgar por lo mucho que escribió, el modo de hacerlo y las intenciones que le guiaron, puede sospecharse que el padre Jerónimo Román de la Higuera tenía, como va dicho, bastante de mitómano y mucho de grafómano de cierto tipo: el 'grafómano histórico', podríamos decir. Puesto a dar base a la santificación de unas personas y a la execración de otras, que tenían mala fama tradicionalmente (como Witiza), forjó un tercer gran cronicón, atribuyéndoselo a LUITPRANDO, obispo de Cremona, y, finalmente, forjó el de un arcipreste mozárabe de Toledo, al que llamó JULIAN PEREZ. Estos completaban, desde el punto de vista temporal, su visión (o 'visiones') de la historia religiosa de España."

Seguindo nesta mesma CUARTA PARTE do libro de Caro Baroja, no seu apartado VIII, segue a facer alusións ós citados no párrafo anterior e danos noticia de outros figurantes na lista dos falsos, falsificadores ou falsificados. Di así: "El llamado 'cronicón' de Luitprando tuvo la suerte de que lo publicara un diplomático y erudito, favorecido por el conde-duque de Olivares, que poseía una biblioteca importante: DON LORENZO RAMIREZ DE PRADO. La primera edición es la de París, 1628, y sin duda fue muy difundida, tuvo éxito y produjo, como el de Dextro, la confusión y desorientación de grandes letrados. (...) Desde el primer momento, entre los mismos defensores de la autenticidad de los cronicones corrió la sospecha de que Román de la Higuera los había interpolado. Ésta era la creencia de DON JUAN TAMAYO DE VARGAS. Los defendió, sin embargo, y también DON JUAN TAMAYO DE SALAZAR, personaje al que don Nicolás Antonio llama 'versado en fábulas', falsificador él mismo de poemas latinos, ignorante en

embidia el Beroso Aniano, Flavio Lucio Dextro, Auberto Hispalense y Uvalabano, con el Cronicon de Liberato Abad, no impresso antes, ni descuberto. Dedicados el maestro fray Gregorio de Argaiz, Chronista de la Religion de San Benito, al glorioso Patriarca San Joseph, Esposo de la Virgen y testigo fiel de sus virtudes y Angelica pureza. Páx. 110.

⁵Ibidem. Páx 110, nota 149.

antigüedades y medallas y adversario del cardenal Baronio. Como en el caso del SACROMONTE, producía a veces temor el conocimiento del criterio de Roma acerca de los cronicones y a este propósito hubo alarmas paralelas. Pasan los años y se suceden las cábalas y las rencillas, aunque hay que reconocer que Román de la Higuera, ya muerto, tuvo ardientes defensores y secuaces."

Xa citamos anteriormente ó arcipreste mozárabe de Toledo, JULIAN PEREZ, inventado por Román de la Higuera, quen. inda por enriba de non dicir unha verdade, fixo escola e, despois de morto, tivo ardentes defensores e secuaces, como se di no párrafo anterior. Seguimos co apartado IX da mesma CUARTA PARTE do libro de Caro Baroja: "Acaso el mas fervoroso y prolijo fue el conde de Mora, en su ya utilizada historia de Toledo. Desde el punto de vista temperamental, podemos decir que don Pedro de Mora era parecido al padre Román de la Higuera y que todo lo que tenía carácter fantástico o maravilloso le atraía. = Al comienzo de su obra voluminosa, que dejó interrumpida antes de la conquista de Toledo por Alfonso VI, hay un capítulo destinado a demostrar `que verdad, fe, y crédito tienen las obras de FLAVIO LUCIO DEXTRO; y MARCO MAXIMO entre los antiguos, y modernos.' = Otro tanto hace luego con respecto a LUITPRANDO y JULIAN PEREZ."

Daremos tamén noticia a través do mesmo libro LAS FALSIFICACIONES DE LA HISTORIA, de Julio Caro Baroja, de outro destes falsificadores: JULIAN LUCAS FLORIAN DE OCAMPO.

Con respecto á lingua que se falaba en España, antes que os romanos viñeran a ela, pensaba este home que era a caldea. Non se sabe fixamente cando naceu pero si cando morreu: ano 1558. Estima o Sr. Caro Baroja que valería a pena investigar para saber máis do que se sabe sobre tal personaxe e, literalmente:

"Es una figura equívoca y a veces parece que escribe a sabiendas de que lo que dice no es cierto." Así mismo opina que este "Florián de Campo no es tan burdo. Teje a su modo lo que saca de Beroso-Annio", e dinos que Tubal, por mandato do seu avó Noé, entra en España no ano 2173, antes de Cristo e 42 despois do Diluvio. No que hoxe é Portugal funda Setúbal, "la primera población ordenada que hubo en España". Logo funda Tarragona, Sagunto e acaba dicindo: "Afirman también las crónicas de España, Tubal haber edificado la villa de Tafalla dentro del reino de Navarra, la cual dijeron primero Tuballa, con otra que nombran ahora Tudela contra las fronteras del mismo reino: que se dijo primeramente Tubella."

A obra principal deste autor é a CRONICA GENERAL DE ESPAÑA, que foi a que deu máis popularidade ás invencións de Annio de Viterbo, pero non foi a única. Ten outra sobre antigüedades, que foi publicada no século XII, por un erudito sospeitoso, chamado DON JOSEPH PELLICER DE OSSAU Y TOVAR, que tamén é dos que a Real Academia Portuguesa da Historia prohibe citar.

Noutro apartado do libro⁶ aparece o mesmo personaxe inda que o nome completo non coincide exactamente co que demos no párrafo anterior, senón que figura como DON JOSEPH PELLICER SALAS OSSAU Y TORRES e di del Caro Baroja que era:

"un autor superabundante. (...) fue caballero de Santiago y de condición `linajuda', podemos decir. Esto hizo que escribiera sin tasa sobre materias genealógicas, de suerte que el rey de los genealogistas españoles, don Luis de Salazar y Castro (1657-1734), le hizo objeto de críticas severas. Durante un tiempo fue partidario de la veracidad de los

⁶Ibidem. Segunda Parte. Capítulo IX. Páx. 104.

crónicas. Luego no. Pero en tiempo en que creía o fingía creer en ellos forjó por su parte otro cronicón casi más pintoresco que los de Román de la Higuera y Lupián. = Al círculo de RAMIREZ DE PRADO llevó Pellicer un CRONICON DE DON SERVANDO. Éste habría sido confesor de Don Rodrigo primero, y de Don Pelayo después, y fue canónigo y obispo de Orense. Su cronicón, nunca impreso, fue extractado por Godoy y Alcántara. Había sido traducido al idioma gallego por DON PEDRO SEGUINO, en el siglo XII, y este prelado, también de Orense, lo había ampliado. = Comienza con la Creación, sigue hasta el Diluvio, trata de la población de España por Tubal (omite los reyes de Anio de Viterbo, pero no a Hispan y Pirro) y va avanzando, a su modo en los tiempos hasta llegar a los césares. La peregrina idea de hacer a Nerón oriundo de Galicia no es la más sorprendente de este cronicón, que llega a contar los infortunios de Don Rodrigo. El manuscrito se conserva en la Biblioteca Nacional. La 'copia' de Pellicer se fecha en 1646: de don Pedro Seguíno se dice que vivía por el año de 1191."

Seguindo o libro de Caro Baroja, na QUINTA PARTE, número II. EL CREPUSCULO DE LOS CRONICONES, cítase, entre outros, un martiriloxio de SAN GREGORIO BETICO, que na separata do Padre Martín Sarmiento, se lle chama CATHALOGO DE LOS MARTIRES DE ESPAÑA.

Volvendo á CUARTA PARTE, número II. DEXTRO FALSIFICADO, EDITADO Y COMENTADO. LOS CONTINUADORES TAMBIEN., fábase dunha edición do famoso DEXTRO, purgado dalgún erro notorio e nunha nova versión unida ó cronicón de MAXIMO. A primeira edición deste texto imprimiuse en Zaragoza no ano 1619. Sobre esta edición xurden, por un lado, moitas dúbidas, e por outro lado, "sedujo a personas de erudición profunda, las cuales se dejaron engañar inexplicablemente. La más destacada fue el gran erudito andaluz RODRIGO CARO, que, en 1627, dio una nueva edición de los cronicones de Dextro y Maximo, más los de HELECA y SAN BRAULIO, con un laborioso comentario." Segue Caro Baroja explicando a referida edición e, entre outras cousas, algún comentario, de Rodrigo Caro, como: "comenta de modo amplio este texto, citando algunos autores que se hacen eco de las tradiciones aludidas. La aparición de la Virgen del Pilar, la acción de los discípulos de Santiago, el viaje de San Pedro a Andalucía (...) En tiempos de Nerón se señala la conversión secreta de Séneca al Cristianismo y su correspondencia con San Pablo..." E xa no apartado III. LA PREOCUPACION GENEOLOGICA onde fai constar que certos feitos consignados no cronicón de Máximo, son adicións atribuídas a SAN BRAULIO DE ZARAGOZA e outras ó bispo de Huesca HELECA e acaba este párrafo dicindo: "Nunca una falsificación tuvo editor más crédulo y escrupuloso a la par que Rodrigo Caro y nunca hubo falsificador con mejores padrinos, porque Caro era hombre respetado de modo unánime."

A terceira parte do tan repetido libro de Julio Caro Baroja, está adicada a dous temas: A) LOS PLOMOS DEL SACROMONTE e B) LA FALSIFICACION DE FLORES Y MEDINA CONDE.

Estas falsificacións teñen un significado completamente relixioso, nada extraño nunha época na que ata as guerras eran relixiosas, xa que nos atopamos no ano 1588, reinando en España Felipe II. Foron tan famosos os referidos plomos do Sacromonte que incluso Miguel de Cervantes fai alusión a eles no Quijote, case rematando o capítulo LII, que é o último da primeira parte do referido libro: "si la buena suerte no le depara un antiguo médico, que tenía en su poder una caja de plomo, que, según él dijo, se había hallado en los cimientos derribados de una antigua ermita que se renovaba, en la cual caja se habían hallado unos pergaminos escritos con letras góticas, pero en versos castellanos, que contenían muchas de sus hazañas..."

Pero hai que agardar moitos anos ata que apareza un libro que nos ilustre sobre tal asunto. Conforme fixemos ata o de agora seguimos a Julio Caro Baroja na súa tan citada obra sobre as falsificacións da historia en España e no apartado III. da referida terceira parte, ven a dicirnos: "En 1706, con pie de imprenta de Lyon, ciudad en la que desde el siglo XVI al XVIII se imprimieron muchísimos libros de autores españoles (sobre todo de teólogos y juristas), salió a luz un enorme y lujoso volumen en que se puede encontrar abundante documentación acerca de los hallazgos. El propósito del libro era, sin duda, reivindicatorio. El esfuerzo económico realizado, inmenso. la obra está dividida en cuatro partes que llevan paginación propia. La primera de 374 páginas. La segunda, de 352. La tercera, de 252, y la cuarta, de 139. Hay que confesar que el título no corresponde, ni mucho menos, a esta superabundancia."⁷

Seguindo a Caro Baroja, dinos que na Relación breve... aludida na nota (7) anterior, fáilase de unha torre chamada Turpiana e de outros monumentos que se dicían obras dos "phenices", e que o día de San José ó desmantela-la torre, o obreiro Francisco Cano atopou "una caja pequeña de plomo, larga de un gеме⁸, alta de dos, ancha algo más de cuatro y en forma de cuadrángulo", que ó abri-la caixa os asistentes percibiron unha gran fragancia (sinal considerado sempre de algo santo) e que dentro da caixa había unha imaxe da Virxe pintada nunha táboa, en traxe "egipciano", un lenzo, un óso pequeno e un pergameo envolto e máis unhas areas de cor azul e negro. O pergameo estaba escrito en árabe, castelán e latín con noticias de San Cecilio. Dada conta ó arcebispo resolvéuse que o texto árabe o traducira o beneficiado Joseph Faxardo, pero este, anque xa tiña ensinado esa lingua en Salamanca, sentiuse inseguro e entón chamaron ó "racionero Francisco Tamariz o Tamarid", tamén experto e, por fin, recorreron ó médico Alonso del Castillo, intérprete real e do Santo Oficio para a mesma lingua, e a MIGUEL DE LUNA, tamén médico, granadinos os dous e de orixe morisco.

Pois ben, a partir da aparición dos plomos do Sacromonte e das crónicas e libros que, como consecuencia da mesma, se escribiron, recolleremos, como sempre do mentado libro de Caro Baroja, unha simple enumeración de disparates que alí se enuncian:

"Libro de los enigmas y misterios que vio la Virgen María por gracia de Dios, en la noche de su coloquio espiritual, según lo declaró a Santiago apóstol, escrito por su mandado, por su notario y discípulo Cecilio Ebnelradi".

"Desde el punto de vista de la piedad jacobea y en relación con España, el que pretende suministrar mayores precisiones es el LIBRO DE LAS ACCIONES DE JACOBO APOSTOL Y DE SUS MILAGROS (o DE LOS PRECLAROS HECHOS DEL APOSTOL SANTIAGO Y DE SUS MILAGROS), texto largo y bastante novelesco. En él vuelve a haber un elogio de María 'a los árabes y su lengua'. Se expresa la orden de que Santiago vaya a España, adonde llega con sus discípulos Cecilio, Thesiphon, Torcuato, Segundo, Hiscio y Eufrasio, pilotado por el ángel Gabriel."

"Historia del sello del profeta de Dios Salomón, hijo de David, y de sus significaciones, por Santa María Virgen, de Cecilio Aben Alradi, discípulo de Jacobo Apostol."⁹

"Información para la historia del Sacro monte llamado de Valparaíso y antiguamente ilipulitano, junto a Granada. Donde parecieron las cenizas de S. Cecilio, S. Thesiphon, S.

⁷Ibidem. Tercera Parte. Nota 12: Relación breve de las reliquias que se hallaron en la ciudad de Granada en una torre antiquísima y en las Cauernas del Monte Illipulitano de Valparayso cerca de la ciudad: sacado del proceso y averiguaciones q. cerca dello se hizieron. En el pie de la lámina que va después de la portada se lee: "En Leon de Francia año MDCCVI. Con Privilegio del Rey Catholico y Permiso de los Superiores". Páx. 151.

⁸GEME é a distancia que hai desde a extremidade do dedo polgar á do índice ou mostreiro.

⁹Id., ibí. Figuran os tres no apartado IV, letra A) da Terera Parte. Pax. 121 á 125.

Hiscio, discípulos del apóstol, único patrón de las Españas, Santiago y otros discípulos dellos y sus libros escritos en láminas de plomo. Parte primera, por Adam Centurión, marqués de Estepa."

Este libro foi imprimido en Granada por Bartolomé de Lorenzana, nas casas do referido marqués. Este nobre, con ascendencia xenovesa, foi home moi piadoso. Adicouse a aprender árabe e sacou uns textos traducidos dos referidos "plomos", sendo retirada a obra por orden da Inquisición.¹⁰

"Apariciones de Santiago; feudo o tributo de las cien doncellas, según textos de las crónicas de los reyes de España, del monje Diego Martín Idiaquez, del diácono de la iglesia de San Cipriano, del presbítero Anserico Gundisalbo, del moro Mohamet Echerf, sobre hechos de Ramiro I, Mauregato, etc., y de los reyes moros de Córdoba."¹¹

Unha relación exhaustiva das falsificacións, erros, invencións, mentiras e demais inexactitudes que constan neses libros, cronicóns e demais escritos relacionados, que non serán os únicos, necesitaría moreas de papel e ríos de tinta.

Hai que pensar no prexuício orixinado por tales escritos no noso país. Canta xente de boa vontade como o citado Rodrigo Caro, creu nesas fábulas coma se foran certas. Cantos historiadores aseveraron determinados feitos, dándoos por certo, pensando na veracidade daquelas crónicas que non eran máis que pura patraña que contaminaba obras que puideron ser extraordinariamente boas como a HISTORIA GENERAL DE ESPAÑA, escrita polo P. Juan de Mariana, que abrangue dende os seus orixes a historia peninsular, ata a época dos Reis Católicos, admitindo moitas das lendas sobre os primeiros poboadores, entre elas algunhas das que quedan citadas. E se eses grandes historiadores coma o P. Mariana, que llo citaban a un cen veces cando estudiaba, daban por certo tales fábulas ¿como non ían facelo tamén outros que non pretenderon máis que escribir unha pequena historia local para os seus veciños e amigos?

Estou a referirme á HISTORIA DE LA CIUDAD DE BETANZOS, escrita por don Manuel Martínez Santiso, na primeira parte da cal se recollen moitísimas das lendas de que levamos falado. Precisamente na introducción da edición facsimile publicada pola Excm. Deputación Provincial de A Coruña no ano 1987, da que é autor Alfredo Erias Martínez, e na que, entre outras cousas, di:

"Sobre su valoración ha habido una buena dosis de injusticia. ¿Por qué ha sido esto? Fundamentalmente porque muchos historiadores, sobre todo los especialistas en la Prehistoria y el mundo antiguo, han encontrado que la parte dedicada a esas épocas está llena de mitos y fábulas sin fundamentación científica. Naturalmente no hicieron el esfuerzo de ver cual era el panorama historiográfico de la Galicia del s. XIX hasta 1883-1892 (etapa de sus ediciones) ni tampoco se pararon a pensar que para ese momento los estudios de Prehistoria y Arqueología gallega eran prácticamente inexistentes. De hecho, por poner algún ejemplo, Federico Maciñeira, que nació en 1870, publica una de sus primeras obras, 'Crónicas de Ortigueira', en 1892; y Florentino López Cuevillas nacería en 1886... Tampoco puede decirse que los estudios alto-medievales estuviesen muy avanzados..."

No primeiro capítulo deste libro trata das orixes de Betanzos, cunha exposición das tradicións referentes á súa fundación, comentando o difícil, por non dicir case imposible, que resulta arrincar do esquecemento a historia dun pobo, e máis sendo este un dos máis

¹⁰ Id., ibí. Apartado VIII, letra A) da Tercera Parte. Páx. 135.

¹¹ Id. ibí. Apartado II, letra B) da Tercer Parte. Páx. 145.

antigos de Galicia, "Algunos hasta llegaron á sostener que era el mas antiguo; afirmación que no combatimos, pero que tal vez no pueda hacerse en absoluto." Cita a continuación os historiadores nos que basea a súas aseveracións, que son HUERTA, Gándara, Vicetto, Verín Seijas, García e outros. O primeiro deles foi o que deu á luz certas obras de Pelli-cer e tamén tachado de falso pola Real Academia Portuguesa da Historia. Fai a Brigo fundador de "Brigondo", hoxe Bergondo e de Betanzos, así como doutros pobos e aldeas como Brígamo (Breamo), Brijoy (Vijoy), Arbrigo (Alvedro), caendo no vicio do Tubalismo como tantos outros historiadores daqueles tempos. Emporiso no capítulo II, páxina 27 dí: "Tantas fábulas no pueden ser creación del capricho de un pueblo: preciso es que un motivo poderoso les haya dado origen..." Vese que, con todo, non deixa de denominar como fábulas cousas que outros poñen por certas. O capítulo VIII desta historia parece condensar tódolos mitos dos que tanto se leva falado en Betanzos e dos que tanto se leva escrito. Este é o enunciado do devandito capítulo: "Reinado de Mauregato.- Infame tributo de las cien doncellas.- Se opone Betanzos á satisfacerlo.- La Torre de Peito Burdelo.- Batalla del Campo de las Higueras.- Victoria de los de Betanzos.- El Valdoncel.- Origen del nombre de Garelos.- Fundación y armas de la casa de los señores de Figueroa."

Aduce neste capítulo, para aseverar todo ou parte do que nel se di, as opinións do P. Juan de Mariana, Rodríguez Méndez de Silva, Ambrosio de Morales, P. Enrique Flórez, Huerta y Vega, P. Gándara, José Fernández Sánchez, Jose López Amarante, Vicetto e o Cronicón de don Servando, Bispo de Ourense.

A este respecto temos que volver a citar a introducción que á mentada HISTORIA DE LA CIUDAD DE BETANZOS, na súa edición facsimile fai Alfredo Erias Martínez: "En fin, no es posible analizar pormenorizadamente cada uno de los puntos que trata Martínez Santiso en su obra. El tiene unas pautas de comportamiento y a través de ellas filtra la información que posee. Si lo que tiene son mitos fábulas y leyendas, los utiliza, pero siempre dándose cuenta de que pisa un terreno resbaladizo, aunque justificándose porque, dice: 'tantas fábulas no pueden ser creación del capricho de un pueblo'. Y si, por el contrario, cuenta con bibliografía más precisa y con documentos seguros, tampoco duda un instante en utilizarlos."

Cito nada máis que a Historia de Betanzos por ser a que máis de cerca nos atinxe, pero non é esta a única que, deixando constancia de que se trata de fábulas, recolle certos mitos, derivados a mairía deles, directa ou indirectamente dos que anteriormente se citan, xa que moitos deles son a única explicación a certos topónimos, emblemas e celebracións do pobo, comarca ou nación que se está a historiar.

De calquera xeito, coido que foi moi acertado o decreto da Real Academia Portuguesa da Historia, do ano 1721 e que foi unha mágoa que a española non tiver feito o mesmo, inda que a literatura perdera argumentos maravillosos, e nunca mellor dito. □



Er195
5-VII-1981